

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

Precursoras da organización colexial en Galicia



Emilia Varela

No ano 2025 cúmprense 58 anos da constitución da primeira organización profesional do Traballo Social en Galicia: a Asociación Rexional de Asistentes Sociais de Galicia. Esta entidade, precursora da organización colexial, logrou reunir unhas dúzias de mulleres para dignificar unha profesión que acababa de nacer en Galicia; a primeira promoción titulárase en Santiago de Compostela no ano 1961.

No ano 1967, a asociación comezou a traballar para difundir o papel profesional e facer pedagogía entre administracións, entidades e empresas sobre o que supuña unha intervención técnica coas persoas que presentaban necesidades económicas, sociais e relacionais. Ao mesmo tempo, promoveu formacións que melloraban a súa capacitación técnica e, por último, cuestionou as condicións laborais de moitos dos postos de traballo que ocupaban. Actividades plenamente asumibles tamén na actualidade.

Estas mulleres sentaron as bases do Traballo Social, cando a profesión aínda non recibía este nome, e souberon esquivar moitos atrancos —evidentes e sutís— nunha época pouco propicia para un colectivo de mulleres que entendía que a caridade non abundaba para solucionar os problemas sociais.

A primeira presidenta desta entidade foi Emilia Varela Vila, profesional da Coruña, que desenvolveu o seu labor en recursos de atención ás persoas maiores.

Emilia segue a vivir na súa cidade e, a piques de cumprir os 100 anos, manifesta que todo o que aprendeu na súa experiencia profesional lle serve para vivir a súa vellez. Non se pode pedir mellor comuñón entre a vida e a profesión.

PRESENTACIÓN

Como cada ano, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia presenta a recompilación do traballo desenvolvido ao longo do ano 2025. O documento que se somete á consideración da Asemblea Xeral recolle, de maneira sintética, a actividade impulsada pola organización profesional en Galicia, en coordinación co Consello Xeral do Traballo Social no ámbito estatal, e abrangue o conxunto das áreas de actuación da entidade.

Durante o exercicio 2025, o Colexio desenvolveu o seu labor arredor de diversos eixos transversais que reflicten unha concepción integral do traballo social. Mantívose o impulso en ámbitos de especial relevancia e crecente demanda social, como o Traballo Social Educativo e o Traballo Social en Emerxencias, ao tempo que se incorporaron á axenda profesional cuestións emerxentes de especial preocupación social, como o acceso á vivenda e o avance de expresións de racismo, xenofobia e aporofobia.

Neste contexto, o Colexio mantivo unha presenza activa e constante ante aquelas situacións de especial complexidade que afectan ao exercicio profesional do traballo social. En particular, o sistema de atención á dependencia atravesou ao longo do ano distintas circunstancias que puxeron de manifesto a distancia existente entre as necesidades sociais da cidadanía e o funcionamento efectivo do sistema. Ante esta realidade, o Colexio asumiu un papel activo de defensa profesional e institucional, promovendo unha resposta pública clara e sostida, e mantendo ao longo de todo o ano unha actitude de seguimento, vixilancia e incidencia ante a evolución dos acontecementos.

Por outra banda, o ano 2025 marcou o remate da lexislatura da actual Xunta de Goberno e, en consecuencia, un período especialmente relevante para a avaliación do traballo realizado, a concreción dos obxectivos estratéxicos definidos dende o inicio do mandato e a consolidación da liña de actuación institucional desenvolvida ao longo desta etapa.

SUMARIO

1

ORGANZIACION:

Xunta de Goberno, Consello Xeral, persoal COTSG, Comisión Deontolóxica e
Comisión do Bo Goberno

2

DEFENSA DA PROFESIÓN

2.1 SISTEMA PÚBLICO DE SS. SS.

2.2 SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.

2.3 ÁMBITOS DE IMPULSO PROFESIONAL :

2.3.1 TS EDUCATIVO

2.3.2 TS EN EMERXENCIAS

2.3.3 ACTUALIDADE SOCIAL NO 2025

3

LIÑAS DE TRABALLO DENDE A INSTITUCIÓN.

3.1 OS ÁMBITOS PROFESIONAIS

- SS.SS. COMUNITARIOS
- FAMILIA E INFANCIA
- TS SANITARIO
- TS E FEMINISMOS
- INCLUSIÓN SOCIAL
- EXERCICIO LIBRE
- INVESTIGACIÓN

3.2 COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO

3.3 INTERVENCIÓN CORPORATIVA.

(QUEIXAS, CANLE DE DENUNCIAS)

3.4 AXENDA E INTERVENCIÓNS PUBLICAS.

4

IDENTIDADE, PARTICIPACIÓN, ORGULLO

1 Organización:

A estrutura da organización colexial do Traballo Social en España artículase en dous ámbitos territoriais. No ámbito estatal, a representación institucional da profesión corresponde ao **Consello Xeral do Traballo Social**, órgano encargado da coordinación e do impulso da profesión, así como da súa representación e interlocución coa Administración xeral do Estado. Ademais, desenvolve un labor relevante de presenza pública e participación en foros sociais, políticos e institucionais.

En Galicia, a profesión está representada polo **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, entidade que establece as directrices fundamentais para a articulación e o desenvolvemento da profesión no ámbito galego. O seu funcionamento ordinario sostense no labor do **cadro de persoal** e das **asesorías externas**, que asumen o traballo técnico e operativo da institución.

Pola súa banda, a **Comisión Deontolóxica** é o órgano regulamentario encargado de velar por unha praxe profesional axustada aos principios éticos e ás normas que rexen a profesión.

A **Comisión de Bo Goberno**, integrada por tres persoas colexiadas, ten como finalidade impulsar e promover o cumprimento do Código de Bo Goberno nos elementos que o forman e no funcionamento do Colexio.

A organización colexial susténtase na conxugación destes elementos, que configuran, en distintos niveis de responsabilidade, un sistema coordinado e eficiente.

Con todo, o elemento esencial que sostén toda esta estrutura é a colexiación: as traballadoras e traballadores sociais que integran o COTSG. O ano 2025 pechouse cun total de 3.677 persoas colexiadas.

3.677 a colexiación que nos fai fortes



Consello Xeral do Traballo Social

O Consello Xeral do Traballo Social é o órgano representativo, coordinador e executivo, nos ámbitos nacional e internacional, dos Colegios Oficiais de España. A Presidenta de esta entidade corporativa é **Emiliana Vicente**, que encabeza unha Xunta de Goberno composta por traballadoras e traballadores sociais con ampla experiencia profesional en campos variados do ámbito do Traballo Social e con procedencia xeográficas diversas.

A Presidenta, mantén unha actividade constante de representación do Traballo Social en todos ámbitos. A súa presenza en Galicia non é estraña, e destaca a comunicación permanente coa Xunta de Goberno do COTSG. Mantén unha interlocución co goberno estatal destinada a asegurar que as liñas fundamentais da nosa disciplina estean representadas na súa actividade lexislativa e organizativa. Acompañan a Emiliana Vicente na Xunta de Goberno do Consello Xeral de Traballo Social: Ana M^a Vilar, Lucia Gonzalez, Raquel Millán, Marta Alguacil, Alvaro Gallo, Francisco Jimenez, Laura Monroy, M^a Dolores Soler, Marta Simón, Fernanda Caro, M^a del Carmen Valderrey.

“El Trabajo Social busca generar cambios en las personas y en las sociedades impulsando dinámicas de igualdad, justicia social y solidaridad”



A nosa compañeira **Ana M^a Vilar**, vicepresidenta na Xunta de Goberno do COTSG, é vicepresidenta segunda da Xunta de Goberno do Consello Xeral, compatibilizando as obrigas destes dous cargos, vinculando a actividade colexial e a do Consello.



Reunión de Ana Vilar en representación do Consello Xeral con Ione Belarra

Asembleas:

- **15.03.2025 Asemblea** do Consello Xeral de Traballo Social e Premios Estatais de Traballo Social en Aranjuez, Comunidade de Madrid. No transcurso da mesma gardouse un minuto de silencio en memoria da traballadora dun centro de menores con medidas xudiciais, asasinada en Badajoz, e leuse un manifesto. Entrega de Premios do Traballo Social.
- **13.12.2025 Asemblea** do Consejo Xeral de Traballo Social en Madrid.

Reunión temática:

- **07.11.2025 Encontro** de Presidencias de COTS . León



Asemblea CGTS Aranjuez marzo
2025



Asemblea CGTS Madrid
decembro 2025



Encontro de presidencias
León novembro 2025



**Entrega de Premios Estatais de
Traballo Social. Aranjuez marzo
2025**



**II Xornada de Traballo Social
ecosocial Ourense maio 25**

Actualización do Código Deontolóxico

Ao longo de todo o ano 2025, o Consello Xeral desenvolveu o proceso de actualización do Código Deontolóxico, un traballo coordinado pola Comisión Deontolóxica. En decembro dese ano abriuse o prazo de audiencia e información pública, tal e como establece o ordenamento xurídico para a incorporación de novas regulacións ás profesións. Durante este período, a cidadanía en xeral poderá presentar alegacións ao texto.

O anteproxecto recolle as achegas das Comisións Deontolóxicas e dos grupos que participaron na III Rede Ética do Traballo Social (REDTS), así como no Foro Reflexivo de Málaga, xunto coas das distintas asociacións e organizacións do ámbito do Traballo Social.



SOCIAL WORK FEST

O Consello Xeral impulsou a celebración da primeira edición do Social Work Fest, unha actividade dirixida ás mozas e mozos da profesión co obxectivo de ofrecer un espazo no que se poidan recoller as súas necesidades, inquietudes e puntos de vista.


Trátase tamén de favorecer que a organización colexial incorpore á súa estrutura e ao seu funcionamento as achegas da xente nova que a integra, xa que constitúe o futuro da profesión.

Nesta actividade participaron David Gontán, coordinador do COTSG, e María Olivares, técnica de formación, así como unha representación da Xunta de Goberno.

Co fin de promover a participación da colexiación galega neste evento, o COTSG sufragou 10 matrículas, que foron sorteadas entre as persoas interesadas.



Consello Xeral: activación da profesión



GENERACIÓN D

Consejo General
del Trabajo Social

Upro Transforma
tu mundo

AVANCEMOS JUNTAS/OS EN LA ERA DIGITAL

Participa en la formación gratuita en
Competencias Digitales especialmente diseñada
para trabajadoras y trabajadores sociales

PREINSCRIPCIÓN ABIERTA

150 horas de
formación
GRATUITA

Accede a una plataforma
inteligente, gamificada y
disponible 24/7

Fecha de inicio: Octubre 2025

Modelo híbrido:
Online
Presencial
Webinar

Una certificación con
reconocimiento a nivel
europeo (DIGCOMP 2.2)

Rellena el formulario de Preinscripción y recibe información prioritaria

Financiado por
la Unión Europea

red.es

UNION
EUROPEA

red.es

UNION
EUROPEA

UNION
EUROPEA

UNION
EUROPEA



Consello Xeral : en nome do Traballo Social

Os posicionamentos e manifestos en nome da profesión abordaron os problemas técnicos e sociais máis importantes do ano, e fanse en nome de toda a colexiación española.



PROPUESTAS DE CAMBIO



XV Congreso Estatal e Internacional
y III Congreso Iberoamericano de
TRABAJO SOCIAL



CONVOCATORIA BOLSAS



El Consejo General de Trabajo Social o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia esiximos medidas urxentes para garantir a seguridade, a dignidade e as condicións laborais das profesionais.



Aprobación de la moción ante el genocidio en
Gaza en la FITS Europa, una posición firme del
trabajo social europeo



No ano 2026 celebrase XV Congreso Estatal de Traballo Social.

O consello Xeral e os colexios Oficiais dedicaron o 2025 a organizar esta importante cita profesional.

VI ENCONTRO DE ÁREAS TÉCNICAS

Encontro organizado polo Consello Xeral de Traballo Social os días 18 e 19 de xuño en Los Ángeles de San Rafael, Segovia.

Estes encontros están pensados para poñer en común o traballo que se desenvolve en cada un dos colexios oficiais de Traballo Social.

Este ano houbo dous obradoiros que constituíron a temática das xornadas. Un foi sobre a colexiación obrigatoria e outro sobre a Intelixencia Artificial.

Completoouse a xornada con unha posta en común do proxecto para traballar entre todos os colexios dende o Consello Xeral, ámbitos de acción profesional como o SAAD e as emerxencias, ou a áreas estratéxicas como a participación da xente máis nova na estrutura colexial.



Xunta de Goberno

A actividade das e dos compoñentes da Xunta de Goberno foi constante ao longo do ano, encargándose colectivamente das funcións executivas, negociadoras e de representación.

No ano 2025 a vogal Laura Zapata Criado presentou a súa renuncia a seguir na Xunta de Goberno do COTSG.

Durante o 2025 a Xunta de Goberno celebrou 14 reunións.

A Xunta de Goberno remata o ano 2025 en funcións, xa que esta convocado para comezo do 2026 o proceso electoral, do que sairá a candidatura que gobernara o COTSG os próximos 4 anos.



“É necesario máis persoal e unha planificación realista acorde coas necesidades sociais”

Miriam Rodríguez Sierra. Presidenta



Ana Vilar Varela.
Vicepresidenta



Antonio Doval Canabal.
Tesoureiro



Rosario Capelo Casas.
Secretaria

Vogais:



Elena Gómez Fenández



Cristina Diaz Mira



Isabel Fernández Lema



María Belén
Vázquez Iglesias



María Amparo
Borrajo González



Técnicas do COTSG

O persoal constitúe o elemento operativo encargado de desenvolver o traballo planificado e aprobado pola Xunta de Goberno. Trátase dun pilar fundamental para garantir a eficacia da acción institucional.

O cadro de persoal do COTSG, ao final do ano, está composto por:

- **Coordinación:** David Gontán Varela
- **Grupos de traballo:** María Olivares Lemos
- **MATTIASS e SIUSS:** Ana Fungueiriño Carneiro e Manuel Penido Barbazán
- **Laboral:** Ignacio Igrexas Vilar
- **Participación:** Andrea Alfaya Rosales
- **Administración:** Aquilino Santiago Rei e Susana Neo Gómez.



Asesorías externas

Asesoría xurídica: A empresa ARTIGO 14, S. Coop. Galega realizou durante o ano 2025 o servizo de asesoramento xurídico do COTSG. Este servizo comprende a asesoría xurídica corporativa da entidade, así como o asesoramento á colexiación en asuntos relativos ao regulamento xurídico e procedementos administrativos, así como a diversos temas relacionados co seu posto de traballo.



Asesoría informática: A empresa MMBUXAN prestou os servizos de asesoría informática ao COTSG durante todo o ano 2025, este contrato mantemento e actualización de hardware, asesoramento en novas tecnoloxías, implementación de sistemas de almacenamento e arquivo de datos en nube segura e mantemento periódico online.

Asesoría Contable, Fiscal e Laboral: a empresa Xestión Social prestou os seus servizos ao COTSG como asesora en tres niveis; contable, fiscal e laboral durante todo o ano 2025. O contido deste contrato comprende realizar todos os procedementos internos e externos nestas tres áreas, así como prestar asesoramento en aspectos de xestión relacionados con elas.

Asesoría de Protección de Datos: O contido deste contrato é a supervisión do cumprimento normativo no tratamento e protección de datos, asesorar e informar das obrigas nesta materia e en xeral promover métodos de traballo compatibles coas obrigas legais pertinentes. A empresa PROTEXDAT prestou a protección de datos durante o ano 2025.

Asesoría de prevención de riscos laborais: A empresa Avanta foi a encargada para xestionar as medidas de prevención dos riscos do cadro de persoal. Foi seleccionada nun proceso de contratación na metade do ano, despois de rematado o contrato con Quirón Prevención.

Asemblea Xeral Ordinaria



No ano 2025, a Asemblea Xeral Ordinaria do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia celebrouse o 27 de xuño, e nela aprobáronse os documentos de xestión sometidos pola Xunta de Goberno ao ditame da colexiación.



Comisión deontolóxica

A Comisión Deontolóxica e de Ética Profesional é un órgano consultivo encargado de asesorar en materia de ética e deontoloxía profesional, así como sobre aquelas necesidades, demandas e cuestións que estean relacionadas coa organización colexial e co exercicio da profesión.

Durante o ano 2025, a Comisión recibiu dúas consultas que requiriron ditame. Unha delas foi abordada no seu ámbito de actuación, mentres que a outra foi derivada á Comisión Deontolóxica do Consello Xeral.

Así mesmo, a Comisión participou nos traballos de elaboración do proxecto de Código Deontolóxico promovido polo Consello Xeral, que no mes de decembro iniciou o trámite de exposición pública.

Composición da Comisión Deontolóxica:

Emma M^a Seoane Uzal

Carlos Taibo Rey

Nuria Lagüela Felpeto

Ana Vilar Varela

Elena Gómez Fernández

María Isabel Rodríguez Cañas

Rosario Capelo Casas



Comisión Permanente do Bo Goberno

A Comisión Permanente do Bo Goberno ten por obxectivo de impulsar e dinamizar o contido deste código. As súas compoñentes, escollidas Xunta de Goberno, variaron debido a baixa de Patricia Fernández Pérez, quedando a súa composición como segue:

Teresa Elvira Muñiz

Concepción Vilas Fernández

Ana Isabel Guillén Vilanova



A Xunta de Goberno acordou neste ano a constitución dunha **Comisión Interna para o Seguimento da Aplicación do Protocolo de Baixas e da Colexición**. Esta comisión está integrada por membros da Xunta de Goberno (Miriam Rodríguez, Antonio Doval, Rosi Capelo e Cristina Díaz), o coordinador David Gontán e a asesora xurídica, que actúa como apoio técnico.

Contido informativo de obrigada recollida

Datos de obrigada recollida na memoria anual segundo o artigo 10 dos Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia:

- Non houbo procedementos sancionadores por parte do COTSG durante o ano 2025.
- No ano 2025 producíronse dezaseis queixas presentadas por persoas usuarias:
 - 2025/01 recibida 03.01.2025. Arquivada
 - 2025/02 recibida 10.01.2025. Arquivada.
 - 2025/03 recibida no 20.01.2025. Arquivada
 - 2025/04 recibida 11.02.2025. Arquivada
 - 2025/05 recibida 21.02.2025. Arquivada.
 - 2025/06 recibida 27.02.2025. Derivada comisión deontolóxica
 - 2025/07 recibida 27.02.2025. Derivada C. deontolóxica Consello Xeral.
 - 2025/08 recibida 25.03.2025. Arquivada.
 - 2025/09 recibida 01.03.2025. Arquivada
 - 2025/10 recibida 15.04.2025. Arquivada
 - 2025/11 recibida 23.05.2025. Arquivada.
 - 2025/12 recibida 27.06.2025. Arquivada.
 - 2025/13 recibida no 28.06.2025. Arquivada
 - 2025/14 recibida 01.06.2025. Arquivada
 - 2025/15 recibida 08.08.2025. Arquivada.
 - 2025/16 recibida 22.08.2025. Arquivada.
 - 2025/17 recibida 30.09.2025. Arquivada.
 - 2025/18 recibida no 16.10.2025. Arquivada.
 - 2025/19 recibida 06.11.2025. Arquivada.
 - 2025/20 recibida 13.11.2025. Arquivada.
 - 2025/21 recibida 24.11.2025. Arquivada.
 - 2025/22 recibida 12.12.2025. Arquivada.
- Os e as compoñentes da Xunta de Goberno non se atoparon en situacións de conflito de intereses
- Non existe actividade de visado.

2 Defensa da profesión



• 2.1 Sistema Público de Servizos Sociais

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ten unha posición proactiva no traballo a prol dun sistema público en todos os sistemas de benestar, pero especialmente nos Servizos Sociais.

O traballo a prol dos servizos sociais comeza polo contacto coa administración autonómica e co goberno galego, transmitindo as cuestións que están afectando ao funcionamento e a planificación do sistema en Galicia. Hai que destacar que os orzamentos son o documento e folla de ruta para calquera servizo que preste a administración, e para os servizos sociais son vitais uns orzamentos que non leven a atención cara a precariedade.

As forzas políticas presentes no Parlamento de Galicia son tamén interlocutores eficaces para trasladar ás normas e a actividade parlamentaria a nosa análise profesional.

A presenza nos medios e a través das redes é un xeito efectivo para trasladar a sociedade as mensaxes sobre a nosa profesión, elemento vertebrador dos servizos sociais galegos.

Por último, ao longo do ano o Colexio participou en debates públicos que afectan ao noso papel profesional e as funcións que desempeñamos no sistema público dos servizos sociais, a máis destacada é o intento de atribuír o rol profesional de axente de igualdade de oportunidades a unha nova profesión en detrimento da versatilidade laboral do Traballo Social.

INCIDENCIA POLITICA

A comunicación coas administracións e as forzas políticas galegas



Miriam Rodríguez e David Gontán, en representación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia , mantiveron unha xuntanza coa **Conselleira de Política Social e Igualdade**, Fabiola García, xunto con Francisca García, secretaria xeral técnica, e Jacobo Rey, director xeral de familia e infancia.

Reunión co PSdG-PSOE



Reunión co BNG



Reunión con PODEMOS

DEFENSA ACTIVA DAS POLÍTICAS SOCIAIS: IDENTIDADE E FERRAMENTAS

Quen somos, como nos chamamos, que facemos e con que ferramentas.
O fundamental



O INFORME SOCIAL É NOSO DITAME TÉCNICO

As/os profesionais de **Trabalho Social** temos unha metodoloxía de intervención propia e uns instrumentos específicos como o informe social.

O **Código Deontolóxico de Traballo Social** recolle a exclusividade desta ferramenta.

"Ditame técnico que serve de instrumento documental que elabora e firma con carácter exclusivo o profesional do traballo social. O seu contido deriva da análise da situación obxectiva, valoración, un ditame técnico e unha proposta de intervención profesional."

O **informe social** é un ditame profesional, que tamén serve para que a persoa usuaria poida acceder a servizos e prestacións. Ten unha gran transcendencia para os dereitos fundamentais das persoas, relacionada co seu benestar.

A **valoración social** serve para facer e definir un plan de intervención. Ademais de optimizar os recursos existentes.

Este documento forma parte dun expediente administrativo da persoa usuaria, que é obxecto dunha intervención social.

Por todo isto, cando facemos unha solicitude para unha persoa usuaria, este documento, conleva unha gran responsabilidade.

Lembra:

Sempre debe ir asinado, e co número de colexiación (para garantir que o informe é elaborado por unha persoa profesional de Traballo Social.)

Polo tanto o **COTSG** recomenda que aqueles aspectos da solicitude de dependencia e/ou discapacidade tales como: valorar a vivenda e a súa contorna, debe ser unha valoración técnica que se valora no informe social, de tal xeito que cando sexan estes datos cubertos na solicitude, será un acto administrativo do que será exclusivamente responsable a persoa solicitante, o non contar coa valoración técnica da/dos profesional de **Trabalho Social**.



As traballadoras sociais poden ser axentes de igualdade. É o noso campo de traballo.



Presenza nos medios para defender os servizos sociais públicos

A representación do COTSG asistiu a todos os foros posibles para defender o posicionamento da nosa profesión sobre os servizos sociais.

OS MEDIOS FANSE ECO DOS PROBLEMAS DO SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA EN GALICIA



O COTSG NOS MEDIOS



OS MEDIOS FANSE ECO DOS PROBLEMAS DO SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA EN GALICIA



Outros sistemas:

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, representado por Isabel Sánchez, mantivo un encontro coa Presidenta da Audiencia Provincial de Lugo.



• 2.2 Sistema de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

A finais do ano 2024, a Lei de Acompañamento dos Orzamentos Xerais de Galicia introduciu importantes modificacións na tramitación dos servizos do Sistema de Atención á Dependencia e no procedemento de recoñecemento da cualificación de discapacidade, entre outras cuestións de gran alcance para o Traballo Social.



A situación xerada provocou unha grande inquietude na profesión e deu lugar a unha mobilización pública impulsada e encabezada polo COTSG, que acabou por implicar a outros actores sociais de relevancia. Boa parte da actividade desenvolvida ao longo de 2025 estivo atravesada polos efectos desta situación. A mobilización central tivo lugar o **10 de febreiro**, cunha concentración diante do Pazo de San Caetano, que reuniu a un número significativo de traballadoras e traballadores sociais.

Por outra banda, o Servizo de Axuda no Fogar, recurso central no Sistema de Atención á Dependencia e nos Servizos Sociais Comunitarios, viuse afectado polo falecemento dunha auxiliar a mans dun familiar dunha persoa usuaria. Este feito situou no centro do debate público as condicións de traballo e as garantías en materia de prevención de riscos e seguridade laboral, mobilizando a entidades e administracións na procura de solucións que reforzaran a protección de todas as persoas profesionais que desenvolven o seu labor neste servizo.

O Colexio participou en diversos foros e espazos de debate nos que se abordou esta situación, nos que se expuxo o diagnóstico desde o Traballo Social e se achegaron propostas e achegas profesionais propias.



DEFENSA DA PROFESIÓN

O COTSG presenta unha **QUEIXA** no Defensor del Pueblo pola eliminación da obrigatoriedade do **INFORME SOCIAL** nos trámites de **DEPENDENCIA**.

O COTSG NOS MEDIOS

O COTSG pide unha estratexia autonómica de coidados

O propio entorno galego, di a presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, Miriam Rodríguez Sierra, é propicio para os coidados. Sobre todo no medio rural. «A xente prefere estar coidada na súa casa, pero cada vez ten menos apoio social, familiar e económico. Por iso, neste momento, onde se poden ofrecer coidados con maior intensidade é nunha institución», afirma. Ademais, explica que en Galicia hai comunidades rurais con necesidades totalmente opostas ás urbanas, polo que o modelo tería que adaptarse ao territorio. Se iso cambiase, «habería persoas que volverían ao rural se as condicións fosen outras».

É traballo das administracións públicas, daquela, desexar como os seus veciños poderían estar o mellor coidados posible, dependendo da idade, do grao de dependencia ou de quen reciba o coidado. «O que non se pode facer é crear macrocentros illados de todo para que as persoas estean protexidas e atendidas, pero non haxa un envellecemento activo, non haxa participación na sociedade. Están illadas», afirma Miriam Rodríguez.

Por iso aposta por unha estratexia autonómica de coidados, «na que deberían estar presentes todas as consellerías porque é algo transversal». Os coidados, di, afectan a moitas persoas, desde pequenos ata maiores.

SÁBADO 12 DE XULLO 2025

DEFENSA DA PROFESIÓN

O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA PRESENTOU UNHA PROPOSTA DE PROTOCOLO PARA A SEGURIDADE DAS TRABALLADORAS DO SAF PARA O SEU DEBATE NA MESA CONVOCADA POLA FEGAMP



PLATAFORMA EMERGENCIA
DEPENDENCIA



Traballo coa FEGAMP

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia participou na reunión convocada pola FEGAMP para avanzar na proposta de Protocolo de Seguridade no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), elaborada polo ISSGA.

Plataforma Emerxencia Dependencia

O COTSG impulsou, xunto a outras organizacións o nacemento da Plataforma de Emerxencia pola Dependencia e participou en distintos actos en representación da mesma, como no debate dos Orzamentos de 2026 no Parlamento de Galicia.



Mobilizacións Públicas en apoio do SAAD

O COTSG participou en diversas mobilizacións destinadas á defensa de financiamento e do sistema público de recursos e servizos para a atención á persoas dependentes.



Participación

O grupo de traballo de SAF é un dos de maior participación e dinamismo, e mantivo a actividade durante todo ano con unha importante labor de asesoramento. Unha parte do grupo traballou nunha mesa aberta que elaborou unha proposta do protocolo de seguridade laboral no SAAD, remitida a FEGAMP.



GRUPOS DE TRABALLO

O BLOG DO COTSG



Mónica R. Palacio, preséntanos Asociación Galega na
Defensa do Sistema Público de dependencia e
discapacidade



Monica Rodríguez Palacio no Blog

A compañeira falounos da creación da Asociación Galega na Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade, dos seus obxectivos e da súa motivación.

Formación

A formación sobre a práctica profesional no eido da dependencia tivo unha importante presenza na actividade docente do Cotsq.

APLICACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS PARA A XESTIÓN DE CENTROS DE DÍA DESDE UN MODELO DE ATENCIÓN CENTRADO NA PERSOA

-  100 horas
-  Teleformación con 3 sesións online
-  5 de marzo ao 3 de xuño de 2025
-  Persoas colexiadas ou pre-colexiadas **67€ antes+134€**
Persoas non colexiadas **134€**
-  Docente: Susana Seoane Veiras - Traballadora Social
-  Inscripción aberta ata o 23 de febreiro de 2025 ou ata completar prazas



TRABALLO SOCIAL EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES

15 DE SETEMBRO AO 24 DE NOVENO DE 2025

TELEFORMACIÓN

COLEXIACIÓN E PRE-COLEXIACIÓN: 67€
NON COLEXIACIÓN: 134€

INSCRIPCIÓN NA TENDA ONLINE:



RESERVA A TÚA PRAZA ANTES DO 7 DE SETEMBRO!

QUERES ESPECIALIZARTSE NA ATENCIÓN A PERSOAS
MAIORES DENTRO DO TRABALLO SOCIAL?




100 HORAS

TRABALLO SOCIAL CON FAMILIARES COIDADORAS/ES DE PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS

15 DE OUTUBRO AO 30 DE NOVENO DE 2025

TELEFORMACIÓN

COLEXIACIÓN E PRE-COLEXIACIÓN: 67€
NON COLEXIACIÓN: 134€

INSCRIPCIÓN NO SIGUENTE
FÓRMULARIO:



RESERVA A TÚA PRAZA ANTES DO 5 DE OUTUBRO!

30 PRAZAS!



2.3 Ámbitos de impulso profesional

2.3.1 Traballo Social Educativo

A atención problemas da comunidade educativa é unha das eivas máis ferinte do estado do benestar. O lugar onde teñen que detectar necesidades e disfuncións no sistema familiar non ten unha atención sistematizada e coordinada a nivel social.

O xerme do sistema de atención que se estaba desenvolvendo como un proxecto experimental, RAOGAL, tivo unha duración de tres anos, a aínda que deficitario, dotado con persoal escaso, non especialista e sen sistemas estruturados de coordinación foi finiquitado no ano 2025. Antes dende o COTSG colaboráramos na formación dos seus profesionais con un seminario sobre mediación. O grupo de traballo sobre o TS Educativo seguiu funcionando e sendo motor nesta área.



Contribución ao Traballo Social Educativo

Durante o ano 2025 a revista Fervenzas e o Blog do Traballo Social fixeron contribucións técnicas, promoveron a visibilización da experiencias e reflexión sobre o contido e dimensión do Traballo Social Educativo.



A abordaxe do social no sistema educativo dende o blog

Colaboración coa Federación Galega de ANPAS

No primeiro semestre do 2025 realizáronse fixéronse intervencións en seis CEIP e un IES, en virtude do convenio de colaboración coa Federación Galega de ANPAS. Consistiron nun obradoiro destinado a traballar a prevención do exclusión social e do acoso escolar.



• 2.3.2 Traballo Social en Emerxencias e grandes catástrofes

Ao longo do ano 2024 realizouse un intenso traballo coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, co obxectivo de asinar un convenio de colaboración e avanzar na redacción do protocolo necesario para a organización do Grupo de Intervención Social en Emerxencias.

Estas xestións e reunións deron os seus froitos no ano 2025, coa sinatura do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e o COTSG, así como coa constitución, formación e posta en marcha do GIES.

O GIES está formado por máis de 80 traballadoras sociais que, de maneira voluntaria e especializada, integran o primeiro equipo galego capacitado para intervir en contextos de emerxencia social, como catástrofes naturais, evacuacións, accidentes con múltiples vítimas ou situacións de crise colectiva.



Constitución do GIES

Convocatoria en aberto para a constitución do GIES dirixida á colexiación cunha resposta moi positiva, superou as previsións iniciais.



Formación dos e das compoñentes do GIES

Entre maio e xuño deuse a formación inicial de 30 horas, obrigatoria para formar parte de este grupo. Foi impartida por persoas expertas do Consello Xeral.

Posteriormente no Centro de Atención de Emerxencias da Estrada impartíuse unha formación nunha xornada, para coñecer as peculiaridades do xeito de xestión en Galicia.

Presentación oficial do GIES no mes de xuño na sede do 112 Galicia Estrada con presenza da Vicepresidenta do COTSG e distintas autoridades do sector.



Simulacros

No ano 2025 o GIES participou en simulacros nos aeroportos de Vigo e A Coruña, e nas reunións de preparación e avaliación.



Simulacro nunha fabrica de Caldas de Reis

Simulacro teórico no que participou o Grupo de Intervención en Emerxencias Sociais. O exercicio baseábase nun suposto accidente na fábrica de FORESA, en Caldas

Reunións institucionais para seguimento do Convenio

Dende a sinatura do convenio en marzo producíronse reunións institucionais con distintos representantes para avanzar cara a atención social das emerxencias sociais..



Constitución da Comisión de seguimento establecida no acordo quinto do Convenio de colaboración no mes de xullo, con Jose Antonio Grandas Subdirector General de Planificación y Protección Civil en Xunta de Galicia, Ana Ferreiroa Xefa de servizo de Protección Civil e Eva Sixto, responsable de protocolos do 112



Reunión coa secretaria xeral da **FEAMP** Patricia Vilán, acompañada por Andrés Núñez, técnico desta entidade, co obxectivo de presentarlle este recurso.

En xuño celebráronse en Valencia as **II Jornadas Intercolegiales de Trabajo Social en Emergencias** organizadas polo Consello Xeral de Traballo Social.

Dende Galicia como compoñentes do Grupo de Intervención en Emerxencias Sociais, asistiron Antonio Doval, Isabel Fernández e David Gontán.



OS TEMAS DE TRABALLO NAS EMERXENCIAS SOCIAIS



O Blog do COTS abordou temas relacionados coa atención social ás emerxencias sociais. **Luz Campello** contounos como se organizou a atención ao voluntariado durante a emerxencia causado polo vertido do Prestige. **Eva Gonzalez e Teresa Furelos** explicaron como se organizaron os servizos sociais do concello de Santiago para atender as vítimas do accidente do Albia. E **Antonio Doval**, falounos sobre a organización do GIES.



BLOG
LUZ CAMPELLO



• 2.3.3 A ACTUALIDADE SOCIAL NO 2025

A Vivenda

Dende hai anos o problema da vivenda esta a ser un elemento central como factor de exclusión/inclusión social, pero no ano 2025 situouse como a chave na intervención social. Dende o COTSG abordouse con distintas miradas. A compañeira Ana Pardo, falounos da entidade que preside: Provivenda. Fixéronse posicionamentos publicos para trasladar á sociedadea nosa análise sobre esta carencia crecente.



A **organización Colegial española do Traballo Social** fai un posicionamento sobre a dimensión do problema de falta de vivenda en todo o estado e as implicacións que ten nos procesos de integración social.



Reunión con **AGARESO**, presentación do programa somos acubillo

Racismo e exclusión de persoas inmigrantes

COMUNICADO DO COTSG: NON Á VIOLENCIA RACISTA

Condema firme aos actos violentos e ao racismo organizado en Torre Pacheco.

Desde o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia condenamos de forma expresa os actos violentos acontecidos recentemente en Torre Pacheco, así como a acción de grupos organizados de carácter racista que ameazan a convivencia e a seguridade das persoas migrantes e racializadas.

A violencia e a odio non teñen cabida nunha sociedade democrática. A utilización do medo e a xenofobia como ferramentas de confrontación social atentan directamente contra os dereitos humanos, a dignidade das persoas e os principios que sustentan a vida.

O noso compromiso profesional baséase na defensa da igualdade, a unidade social e o respecto á diversidade. Por iso, denunciamos publicamente estas feitos e reclamamos unha resposta firme por parte das institucións para garantir a protección das persoas afectadas, frear os discursos de odio e combater o racismo en todas as súas formas.

Expresamos a nosa solidariedade coas vítimas e reiteramos a nosa apoio a todos os profesionais que, desde distintos ámbitos, traballan pola construción dunha sociedade máis xusta, incluíndo a care de discriminacións.

Sancti de Compostela 19 de xullo 2024
Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia



UN PROBLEMA EN AUMENTO

O ano 2025 trouxo unha eclosión de situacións de exclusión e agresións por motivos racistas, de aporofobia e xenófobos. Excepcionalmente tamén se deron situacións de agresións colectivas que fixeron saltar as alarmas en gran parte da sociedade. O Traballo Social marcou posición claramente sobre estas situacións inasumibles nunha sociedade contemporánea.

STOP VIOLENCIA
STOP RACISMO

COMUNICADO

COLEGIO OFICIAL DE TRABAJO SOCIAL

Región de Murcia

Ante la situación que está aconteciendo en **Torre Pacheco**, el Colegio **condena firmemente todo acto de violencia y racismo** en todas sus formas.

Instando a las **administraciones** a que actúen con inmediatez para **frenar esta ola de violencia y xenofobia**.

Siendo la región un municipio de acogida y de convivencia instamos también a la ciudadanía a que actúe con **responsabilidad cívica**.


www.trabajosocialmurcia.com

Reunión co **Servizo para a Asistencia e Orientación a Víctimas de Discriminación Racial ou Étnica da rede ACOGE**



A Resposta

Dende o COTSG a resposta foi dende varios ámbitos, así dende a participación da colexiación con publicacións no blog, o nacemento dun grupo de traballo, e por suposto na difusión da necesidade de acoller e integrar, con independencia de razas e orixes.



3 Liñas de traballo

3.1 Ambitos profesionais

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Os servizos sociais comunitarios representan, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo, o ámbito no que a presenza da profesión resulta máis visible e recoñecible. Constitúen o principal nicho de emprego para as traballadoras e traballadores sociais, cun crecemento continuado, aínda que non ao ritmo do incremento das competencias que lle son asignadas.

Así mesmo, este ámbito funciona como o principal escaparate social no que a cidadanía identifica a figura profesional do Traballo Social, contribuíndo á construción do imaxinario social arredor da traballadora social.

Trátase, polo tanto, dun espazo de atención prioritaria para o COTSG.



DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

A enquisa para a elaboración do libro branco das profesións representa o primeiro paso para o ordenamento profesional nos servizos sociais.

Por outra parte o COTGS participou na Conferencia Europea de Traballo Social de Oslo co relatorio asinado por catro compañeiros sobre a realidade do rural galego.





Postos de traballo nos servizos sociais comunitarios.

O COTSG mantén a revisión sistemática das convocatorias para que inclúan o Traballo Social como unha das profesións habilitantes para ocupar o posto de traballo de Educador/a Familiar. Co obxectivo de visualizar a nosa práctica profesional nestes postos, entrevistamos a dous traballadores sociais en postos de educación familiar, Santiago G. Telmo e Celia Frierio.

Formacións e servizos sociais comunitarios

A formación é moi necesaria nun ámbito de traballo de cambios constantes. Dende o COTSG continuouse un ano máis neste camiño.

O **Comité de Ética na Intervención Social** de As Mariñas organizou en Abegondo a xornada "A Ética como soporte da Intervención Social" no que participou a vicepresidenta do COTSG, Ana Vilar.



O BLOG

A DINAMIZACIÓN COMUNITARIA NA INTERVENCIÓN SOCIAL

- 50 horas
- Teleformación
- 3 de marzo ao 30 de abril de 2025
- Persoas colexiadas ou pre-colexiadas **40€ antes-60€**
Persoas non colexiadas **80€**
- Docente: Alba Moretón - Traballadora Social
- Inscripción aberta ata o 23 de febreiro de 2025 ou ata completar prazas

APUNTES PRÁCTICOS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES SOCIAIS (3ª EDICIÓN)

- 20 horas
- Formación online
- 11 ao 28 de marzo
- Gratuito para persoas colexiadas
- Docentes: Eva González e Ana Caamaño
- Inscripción aberta ata o 6 de marzo de 2025 ou ata completar prazas.

FAMILIA E INFANCIA

A practica profesional do Traballo Social nos servizos especializados de infancia e familia ten unha importancia e dimensión que o COTSG reflexa na atención que lle presta.. No ano 2025 a formación para profesionais e a difusión dos programas e días internacionais relacionados, foi un xeito de manter a atención sobre este servizo especializado.

A comisión constituída no COTSG continuou un ano máis asesorando á Xunta de Goberno sobre as políticas, normativas e servizos que lle afectan a este sector da actividade profesional.



O COTSG mantivo unha reunión coa portavoz de infancia do BNG, Ariadna Fernández, para analizar a situación actual do sistema de protección á infancia en Galicia. No encontro participaron as traballadoras sociais dos equipos de menores Ana Rodríguez, Ana Carracedo e Ángela Justo, así como coordinador do COTSG, David Gontán, e a secretaria Rosario Capelo.





TRABALLO SOCIAL NO SISTEMA DE PROTECCIÓN Á INFANCIA.

- 60 horas
- Formación online
- 28 de abril ao 11 de xuño de 2025
- Persoas colexiadas **67€ antes 134€**
- Pre-colexiadas ou en desemprego **57€ antes 134€**
- Persoas non colexiadas **134€**
- Docentes:** Emma Seoane e Marta Pintos
- Inscripción aberta** ata o 7 de abril de 2025 ou ata completar prazas



TRABALLO SOCIAL NA SAÚDE

O Traballo Social que se desenvolve no sector da saúde vive un crecemento en canto ao número de profesionais e visualización na súa labor. Dentro deste o ámbito sanitario é un espazo onde a figura profesional das traballadoras sociais goza de amplo consenso e valoración.

O COTSG apoiou a formación das traballadoras sociais, impulsando e conveniando formación e eventos formativos.



PARTICIPACIÓN

O longo de todo o ano mantivéronse activas dous grupos de traballo, un de sanidade e outro máis centrado na saúde mental.



SAÚDE MENTAL

Dentro do traballo social en saúde, o específico en saúde mental cobra cada vez máis importancia a vez que o fai esta especialidade na sociedade.



Antonio Doval participou o día 23 de maio en Pontevedra, na mesa redonda "Deterioro cognitivo e fragilidade", dentro do seminario "Coidados a persoas maiores"

Eutanasia e testamento vital

Ao longo do ano 2025 abordouse de distintos xeitos os coidados ao final da vida, e o dereito que teñen as persoas para tomar decisións sobre os seus procesos vitais, e por suposto o papel profesional das traballadoras sociais do sistema de saúde como axentes facilitadores dos procedementos vinculados aos mesmos.



EUTANASIA E COIDADOS AO FINAL DA VIDA. O PAPEL DO TRABALLO SOCIAL SANITARIO

-  60 horas
-  Teleformación
-  2 de febreiro ao 17 de marzo de 2025
-  Persoas colexiadas ou pre-colexiadas **40€** antes 80€
Persoas non colexiadas **80€**
-  **Docentes:** Julio Piedra Cristóbal e Juan Jesús Rosa Martín - Traballadores Sociais
-  **Inscripción aberta** ata o 27 de xaneiro de 2025 ou ata completar prazas



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



Formación

A actividade formativa en cuestións relacionadas coa saúde foi habitual na programación do COTSG, e tivo presenza nas entradas do blog. E, por suposto, Fervenzas tivo espazo para afondar en aspectos técnicos.



INCLUSIÓN SOCIAL

A inclusión social é un dos obxectivos de moitas das intervencións profesionais do Traballo Social, unha función que é o motor de moitos sectores e un campo propio de traballo profesional.

Durante o ano 2025, as accións que o COTSG realizou sobre a inclusión social pódense concretar en formacións, difusión a través de blog de perfiles profesionais en ocupacións pouco habituais.



A ORIENTACIÓN LABORAL CON PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL

- 50 horas
- Teleformación
- 3 de marzo ao 7 de maio de 2025
- Persoas colexiadas ou pre-colexiadas **40€ antes 80€**
Persoas non colexiadas **80€**
- Docentes: Asociación APES
- Inscripción aberta ata o 23 de febreiro de 2025 ou ata completar prazas

Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



O BLOG DO COTSG

A orientación laboral dende o Traballo Social.
Patricia Torrado

Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



FUNGA

A Fundación Galega para a Tutela de Adultos é unha ferramenta fundamental na integración social dentro do noso sistema de protección social. No ano 2025 esta entidade volve a estar presidida por unha compañeira de profesión, Eloina Ingerto, coa que se reuniu Isabel Fernández en nome da Xunta de Goberno.

COGAMI

A entidade asociativa de referencia en Galicia para as persoas con discapacidade celebrou o seu XXXV aniversario, e o COTSG estivo presente a través de Isabel Fernández.



Juani Tubio Ordoñez

A nosa ex-presidenta, forma parte da directiva de COGAMI, e conta con unha das maiores experiencia laborais no traballo asociativo das persoas con discapacidade. De todo elo falounos no Blog.



TRABALLO SOCIAL E FEMINISMOS

Esta profesión, ademais de estar maioritariamente exercida por mulleres, presenta unha vinculación estrutural cos principios do feminismo. O Traballo Social non pode concibirse sen partir do recoñecemento da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, así como da necesidade de aplicar medidas correctoras que garantan a súa efectividade no ámbito social.

As achegas feministas están presentes de maneira transversal na actividade colexial, especialmente nos ámbitos da igualdade, a violencia de xénero, os abusos sexuais e o recoñecemento das especificidades de distintos grupos de mulleres. A atención a estas áreas constitúe unha parte fundamental da implicación feminista do COTSG.

O Traballo Social enténdese tamén como participación activa nas mobilizacións sociais e, neste sentido, o Colexio estivo presente nas dúas principais citas reivindicativas anuais do movemento feminista: o 8 de marzo e o 25 de novembro.



Participación

O grupo de traballo de Feminismos mantivo unha actividade continuada ao longo de todo o ano, implicándose tanto nas mobilizacións sociais como nos procesos legislativos participativos. Neste marco, celebrou unha reunión con tres participantes do programa Galicia Abriga, na que se intercambiaron informacións e experiencias.

Así mesmo, o proxecto de Decreto do Estatuto das Mulleres do Rural de Galicia e o Anteproxecto da Lei Orgánica de medidas en materia de violencia vicaria foron abordados en mesas abertas á colexiación ao longo do ano 2025.



COMUNICADO: A MATERNIDADE NON É SECUNDARIA

Dende o Grupo de Traballo de Feminismos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, **manifestamos o noso total rexeitamento á decisión de trasladar, sen planificación nin garantías, o paritorio do Hospital Materno-Infantil do CHUO**. Esta medida elimina, ademais, a única sala de parto natural existente, privando as mulleres dun espazo digno e seguro para dar a luz, sen diálogo previo co persoal profesional nin coas familias afectadas.

Consideramos que esta decisión, adoptada **sen perspectiva de xénero nin enfoque de dereitos**, agrava a precarización da atención ao parto e á maternidade, e supón unha clara vulneración dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e das crianzas. A maternidade segue sendo tratada institucionalmente como un feito secundario, a pesar da súa profunda relevancia vital e social. Neste sentido, lembramos que a **Lei orgánica 1/2023, do 28 de febreiro**, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, **recoñece de forma expresa o dereito das mulleres a unha atención digna, informada e respectuosa durante o embarazo, o parto e o posparto**, así como a garantir a equidade territorial no acceso a estes servizos públicos esenciais.

É alarmante que, en pleno século XXI, a investigación sobre o corpo e os procesos vitais das mulleres siga sendo marxinal. A escasa atención científica ao embarazo, parto e posparto pon en evidencia o **sesgo androcéntrico** do sistema sanitario e das políticas públicas, con consecuencias directas na saúde e no benestar das mulleres. Non se trata dun feito illado, senón dun novo exemplo dunha **cultura institucional que non recoñece a maternidade** como cuestión central de saúde pública, coidados e xustiza social.

Expresamos, por tanto, a nosa profunda **preocupación pola indefensión na que se atopan as mulleres da área sanitaria de Ourense**, que están a ser discriminadas fronte a outras zonas de Galicia no acceso e calidade da atención obstétrica e xinecolóxica. Esta desigualdade vulnera o principio de equidade no sistema sanitario público.

Por todo isto, esiximos que se garantan condicións dignas, seguras e respectuosas para parir e nacer, e que se escoiten as voces das mulleres, familias e colectivos como Arrollos de Teta, que levan anos loitando por unha atención centrada nos dereitos, nos coidados e no respecto.

Santiago de Compostela 15 de xullo 2025
Grupo de Traballo de Feminismos do COTSG

COTSG - Rua Dublin 6 baixo CP-15707
Santiago de Compostela
981568100
info@traballosocial.gal



Formación e participación institucional

A formación é imprescindible para a abordaxe feminista das problemáticas sociais. A participación institucional, como no Consello de Igualdade de Santiago, unha presenza obrigada.



Debates con presenza social

A Presidenta, Miriam Rodríguez, participou, xunto a outras profesionais na mesa “As mulleres que coidan”



EXERCICIO LIBRE DA PROFESIÓN

A formación nesta área de actividade do Traballo Social, e a difusión sobre as posibles saídas profesionais que pode aportar á colexiación son un punto de atención habitual do COTSG.

O grupo de traballo garante o contacto e asesoramento das e dos profesionais que lle dan contido a este sector.



18 de novembro de 2025

Webinar “Traballo Social en exercicio libre: A nosa experiencia con Xen Social”

🕒 17:00h a 19:00h
👤 IMPARTEN: VIKI ABADÍA E SILVIA PEREIRA (XEN SOCIAL)
💡 Gratuita para persoas colexiadas e precolexiadas do COTSG

xen
social

Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

250 HORAS

TRABALLO SOCIAL FORENSE

A PRÁCTICA DA PROBA PERICIAL SOCIAL

📅 1 DE SETEMBRO AO 12 DE NOVEMBRO DE 2025
📍 FORMACIÓN ONLINE
💰 GRATUITO PARA A COLEXIACIÓN E PRECOLEXIACIÓN

INSCRIPCIÓN NO FORMULARIO:

RESERVA A TÚA PRAZA ANTES DO 24 DE AGOSTO!

QUERES ESPECIALIZARTE EN INTERVENCIÓNS XUDICIAIS DENTRO
DO TRABALLO SOCIAL?

XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE REGULACIÓN SOCIAL
XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA SOCIAL E SERVICIOS

INVESTIGACIÓN


A investigación constitúe un dos piares que sustentan o Traballo Social e unha ferramenta clave para abrir camiños cara ao desenvolvemento profesional futuro.

Durante o ano 2025, o COTSG puxo en valor o esforzo investigador no ámbito do Traballo Social e abordou diversas cuestións relacionadas coas investigadoras, as universidades e distintos foros especializados.

No marco da estrutura participativa do Colexio, iniciou a súa actividade o grupo de traballo de investigación.



A UVIGO conta dende o ano pasado coa primeira catedrática de TS de Galicia entre o seu persoal docente e investigador.



O **I Informe do Traballo Social en Galicia**, presentouse na xornada do Día do Traballo Social, o 21 de marzo en Santiago. Foi realizado a través dunha investigación conxunta do COTSG, UVIGO e a empresa INDAGA, co obxectivo de coñecer a realidade profesional da profesión en Galicia. O blog abordou o tema con tres dos seus impulsores.



3.2 Comisións e Grupos de Traballo

A Xunta de Goberno considera de especial interese organizativo a promoción da participación das persoas colexiadas, asumindo que, como profesión de carácter social, se debe tamén incorporar e valorar os procesos participativos na súa propia estrutura.

Durante o ano 2025, esta liña de traballo concreouse, entre outras, na seguinte estrutura de participación:

Comisión de Infancia e Familia

Ten como obxectivo asesorar tecnicamente á Xunta de Goberno en relación coa regulación, o deseño e a xestión dos servizos de protección á infancia e á familia. Ao longo do ano, colaborou na elaboración de propostas e documentos posteriormente presentados á Xunta de Galicia. No ano 2025 contou coa participación de 4 persoas e celebrou 3 reunións.

Grupos de Traballo.

• Traballo Social e SAF

Este grupo tivo en 2025 unha presenza especialmente relevante debido á situación que atravesou o Servizo de Axuda no Fogar. Ás demandas habituais de carácter técnico e laboral sumouse a necesidade de abordar a seguridade das traballadoras deste servizo esencial para a atención de moitas persoas.

As persoas integrantes do grupo, ademais do traballo ordinario desenvolto, participaron en reunións orientadas á elaboración dun protocolo de seguridade e prevención de riscos no servizo, nas que formularon propostas que foron posteriormente asumidas e trasladadas polo COTSG para a súa incorporación ao documento.

No ano 2025 participaron neste grupo 19 persoas e celebráronse 5 reunións.

• Grupo de Traballo de Traballo Social e Inclusión

Este grupo mantivo actividade durante a primeira parte do ano e quedou disolto ao longo de 2025.



GRUPO DE TRABAJO OU COMISIÓN	DATA	LUGAR
Migracións	Xoves 9 de outubro	Sede do COTSG
Comisión Infancia e Familia	Martes 14 de outubro	Sede do COTSG
Feminismos	Xoves 16 de outubro	Sede do COTSG
Servizos Sociais Comunitarios	Martes 21 de outubro	Sede do COTSG
Sanidade	Xoves 23 de outubro	Sede do COTSG
Exercicio Libre	Martes 28 de outubro	Sede do COTSG
SAF	Xoves 30 de outubro	Sede do COTSG

PROGRAMACIÓN OUTUBRO
GRUPOS DE TRABAJO

Traballo Social e Migracións

Ten como obxectivo reivindicar e difundir a necesidade dun traballo integrador coas persoas migrantes e co fenómeno migratorio. Constituíuse no ano 2025 e conta con 13 persoas participantes.

• Traballo Social e Saúde Mental

A importancia da dimensión social na abordaxe da saúde mental e a defensa dunha intervención social de calidade motivan a existencia deste grupo, que conta con 16 persoas e realizou 4 reunións ao longo de 2025.

• Traballo Social e Ecosocial

Grupo de nova creación no ano 2025, ten como misión impulsar, visibilizar e divulgar o enfoque ecosocial no Traballo Social. Está integrado por 11 participantes.

• Traballo Social e Feminismos

Este grupo desenvolveu accións de activación e sensibilización feminista dirixidas ao conxunto da profesión, participando en mobilizacións cidadás, elaborando propostas de posicionamento e promovendo a reflexión feminista no ámbito profesional. No ano 2025 celebrou 7 reunións e rematou o exercicio con 9 participantes.

• Traballo Social e Exercicio Libre

Ten como finalidade visibilizar e divulgar o Traballo Social en exercicio libre, así como servir de espazo de encontro, apoio e debate entre profesionais. No ano 2025 realizou 3 reunións e contou con 4 participantes.

• Traballo Social e Investigación

Grupo creado en 2025 co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia da investigación no Traballo Social e promover esta dimensión como parte esencial da práctica profesional. Conta con 5 persoas participantes.

Mesas abertas



Durante o ano 2025 convocáronse catro mesas abertas para o traballo de distintas regulacións concretas, nas que, ademais dos grupos de traballo correspondentes, se abriu a participación ao conxunto da colexiación. Nestes espazos abordáronse os seguintes documentos:

- Protocolo de seguridade laboral para o persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).
- Normativa reguladora da profesión de axente de igualdade.
- Anteproxecto de lei sobre violencia vicaria.
- Proxecto de Estatuto das Mulleres Rurais Galegas.

3.3 intervencións corporativas

O ano 2025 veu o nacemento da serie de podcas “**Redes e Raíces**” que dou os primeiros pasos. Comezou en outubro co episodio cero, e en decembro o episodio 1.



O número de **comunicacións** dirixidas ás entidades públicas e privadas durante o ano foi de **72**. Este número engloba recursos, escritos e solicitudes, na súa maior parte dirixidas ás administracións públicas para reclamar que as súas actuacións se fagan de acordo á legalidade e se cumpran as condicións para prestar servizos públicos nas condicións idóneas.



Atención ás persoas colexiadas

O COTSG desempeña un papel clave no asesoramento á colexiación. As consultas relacionadas coa xestión, os procedementos, a normativa ou a formación constitúen os motivos máis habituais polos que as persoas colexiadas se dirixen ao Colexio para resolver dúbidas. O seu papel fundamental como institución que ordena a profesión implica tamén a capacidade de transmitir pautas e directrices sobre cuestións vinculadas á práctica do Traballo Social.

No ano 2024, o Colexio atendeu un total de 886 consultas. Destas, 362 foron xestionadas pola asesoría xurídica e versaron sobre condicións laborais, procedementos selectivos, protección de datos de carácter persoal, dereitos e deberes das persoas usuarias e interpretación da normativa social.

Pola súa banda, o persoal do COTSG atendeu 524 consultas, referidas a cuestións diversas como a formación propia e externa, dinámicas profesionais, ofertas de emprego, funcións das e dos profesionais do Traballo Social e, en xeral, calquera cuestión relacionada co funcionamento da estrutura colexial.

Benvida Colexial

Durante o 2025 a fixéronse 3 reunións de benvida colexiais, nas que participaron 8 persoas recen colexiadas ou precolexiadas.



Reclamacións, Queixas ou Suxestións

As persoas colexiadas, así como a cidadanía en xeral, teñen dereito a dirixirse ao Colexio Oficial para trasladar queixas, demandas ou suxestións sobre calquera cuestión relacionada co funcionamento do propio Colexio, do Consello Xeral, dos seus servizos, do Traballo Social, dos servizos sociais ou da política social.

Así mesmo, o Colexio dispón dun formulario específico que constitúe unha ferramenta sinxela para denunciar posibles casos de intrusismo profesional que se detecten. Deste xeito, o COTSG vela pola defensa da profesión co obxectivo de contribuír á detección e erradicación de actuacións irregulares no ámbito do Traballo Social.

As comunicacións recibidas a través deste procedemento son atendidas en tempo e forma, sendo finalmente arquivadas por distintos motivos tras a súa análise.

No ano 2025 rexistráronse un total de 20 queixas. Os motivos principais estiveron relacionados, na súa maioría, coa percepción dunha deficiente atención profesional en distintos recursos do ámbito social, así como con supostos casos de intrusismo profesional.

Listaxes profesionais



A relación de listaxes profesionais con actividade durante o ano 2025 estivo formada polas seguintes:

- Docencia
- Expertas/os independentes
- Tribunais
- Profesionais en exercicio libre
- Peritaxe
- Mediación

O proceso estivo aberto entre os meses de setembro e novembro. Durante este período realizouse unha revisión das listaxes co obxectivo de depurar os seus compoñentes e garantir unha prestación óptima dos servizos ofertados.

A listaxe de expertas/os independentes constitúe unha incorporación recente, que se publica xunto coas de peritaxe e mediación nos listados anuais de Unión Profesional de Galicia.

Servizos de emprego

O emprego constitúe un elemento esencial para o desenvolvemento profesional, e unha organización vinculada a unha profesión concreta asume responsabilidades específicas cara ás persoas que a integran.

Unha destas responsabilidades é a información sobre as ofertas existentes no mercado laboral. Neste sentido, o COTSG realiza unha recompilación de ofertas de emprego procedentes de boletíns oficiais, páxinas públicas e privadas, que posteriormente se difunden a través da web co obxectivo de facilitar o acceso da colexiación á información dispoñible. Durante o ano 2025 publicáronse un total de 624 ofertas de emprego.

Outra liña de traballo é o mantemento e fortalecemento do espazo profesional, promovendo o recoñecemento das capacidades do Traballo Social en distintos ámbitos e poñendo en valor a súa presenza en postos non exclusivos da profesión. Neste sentido, o Colexio continúa a salientar a idoneidade das e dos profesionais do Traballo Social para o desempeño de funcións en servizos de educación familiar, orientación



Programas de Cooperación Xunta de Galicia.
Entidades sen ánimo de lucro.

Proxecto:

Cota Colexial

Os colexiados e colexiadas sufragan as actividades do Colexio a través das súas aportacións, e a información de como se calculan, cando se pagan e como se xestionan, é unha información que necesita difundirse de xeito periódico.



Actualización técnica laboral

A incorporación da tecnoloxía á actividade laboral é un continuo, as innovacións e cambios son cotiás, por iso hai que facilitar que a colexiación sexa competitiva laboralmente en relación con esta innovación.

PRESENTACIÓNS CON IMPACTO NO ÁMBITO DO TRABALLO SOCIAL

- 12 horas
- Formación online
- 8, 15, 22 e 29 de maio
- Persoas colexiadas: **20€ antes-40€**
- Pre-colexiadas ou en desemprego: **15€ antes-40€**
- Persoas non colexiadas: **40€**
- Docente: Victor Nieto
- Inscripción aberta ata o 28 de abril de 2025 ou ata completar prazas.

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia



Seguro de Responsabilidade civil

O COTSG ten asinada coa empresa BROKERS 88 unha póliza destinada a ofrecer un servizo de seguro de responsabilidade civil para as persoas colexiadas. Existen dúas modalidades, con diferentes coberturas de riscos e prezos.

Durante o ano 2025 formalizáronse 64 pólizas na opción A e 336 pólizas na opción B.



A información semanal do COTSG do 3 ao 10 de novembro de 2025

Información Semanal

Mediante o uso da ferramenta Mailchimp, o COTSG envía semanalmente “O Fío” en formato dixital, un resumo no que se recollen as novas máis destacadas da semana, así como ofertas de emprego e formación, ademais doutra información de interese para a colexiación. Este ano engadeuse unha sección de normativa, que recolle información sobre a normativa de interese para a profesión, e outra de publicacións técnicas accesibles en redes.

De maneira puntual, tamén se envían boletíns informativos sobre cuestións específicas, como avisos importantes ou campañas relevantes. Ao longo do ano, enviouse aproximadamente unha destas comunicacións ao mes.



Convenios e colaboración comerciais

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ten a capacidade de establecer convenios con administracións ou entidades do sector privado para colaborar en traballos de interese para a profesión ou en melloras para o acceso a servizos por parte de colexiados e colexiadas. No ano 2025 hai en vigor os seguintes:

- Convenio entre a consellería de Política Social e o COTSG polo que se encomenda o mantemento dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais SIUSS-SIUSSGAL-PBSS e MATIASS.
- Convenio Universitat Oberta de Catalunya. Contempla o establecemento dun marco xeral de colaboración.
- Convenio Universidad Complutense de Madrid. Ten por obxecto establecer as liñas de colaboración.
- Convenio coa Universidad Internacional de la Rioja para ventaxes no acceso de persoas colexiadas.

- Convenio con la Asociación Nacional de Trabajadores y Trabajadores Sociales en Ejercicio Libre.
- Convenio Amplifon Iberica.

MATIAS

Este programa ten como obxectivo proporcionar información, apoio tecnolóxico, asesoramento técnico e formación continua dos traballadores/as sociais dos Servizos Sociais.

Desenvólvese en colaboración co Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios da Consellería de Política Social e Xuventude para a dirección, planificación do servizo, e supervisión técnica, que facilita ademais a coordinación interadministrativa, a resolución de incidencias e a integración de resultados.

Resumo de contidos publicados

Novas	A Normativa	Convocatorias	Formación	Publicacións
268	95	266	326	34

NOVAS: Publicáronse 268 novas con información relevante para as/os profesionais dos servizos sociais, de política social de ámbito autonómico, provincial e estatal, así como anuncios e avisos sobre procedementos, concesión de axudas, requirimentos de emenda de documentación, e outras novas de interese. Deseñáronse e publicáronse 31 banners na cabeceira da páxina de inicio (galería) con cadansúa ligazón á nova correspondente.



ACTUALIDADE NORMATIVA: Incorporáronse 95 referencias normativas en materia de servizos coa ligazón ao texto lexislativo completo, así como un resumo dos aspectos máis relevantes das normas. Tamén se publicaron proxectos normativos en prazo de recollida de alegacións.

CONVOCATORIAS: Publicadas e visibles desde a páxina de inicio as 266 convocatorias de axudas e subvencións, e outro tipo de recursos que foron asómesmo transferidos de forma automática á funcionalidade de "convocatorias abertas/ a punto de rematar" e á "axenda". Actualizáronse os resumos do máis salientable en cada un dos procedementos e recursos ou ben creáronse os contidos nos casos en que se trataba de recursos novos.

FORMACIÓN: Publicáronse un total de 326 actividades como plans de formación en Servizos Sociais, en SIUSS e HSUE, formación continua da FEGAMP, das Deputacións Provincias, IMSERSO, e de outras entidades.

PUBLICACIÓNS: Foron incorporadas 34 novas publicacións, incluíndo unha breve sinopse das mesmas. O tipo de publicacións foron Guías e Manuais, Documentos técnicos, así como Estudos e Informes.

USUARIOS/AS

Total usuarios/as rexistrados no portal MATIASS a 31 decembro de 2024:

- De alta (activos): 2.432
- De baixa (desactivados): 68
- Total usuarios/as: 2.500

Variacións no ano 2025:

- Altas novas: 206
- Baixas: 37

SIUSS

Desenvolvemento das actividades técnicas necesarias para o mantemento actualizado dos sistemas de información básicos dos servizos sociais, baixo as instrucións do órgano competente da Xunta de Galicia (na actualidade, a Dirección Xeral de Inclusión Social) englobando a realización das seguintes actividades:

- 1.Xestión dos distintos perfís de acceso de usuarios de SIUSSGAL por parte do persoal dos servizos sociais comunitarios de Galicia en función dos roles e niveis de acceso establecidos polo órgano competente da Xunta de Galicia.,
- 2.Asesoramento permanente ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, nomeadamente de tipo técnico-conceptual, sobre as táboas de codificación establecidas para os diferentes campos de información nos que se rexistran as intervencións sociais.
- 3.Desenvolvemento das accións formativas dirixidas ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais en materia de SIUSS/SIUSSGAL que se organicen no marco do Plan de Formación Continua aprobado anualmente pola Dirección Xeral de Inclusión Social.
- 4.Manter a debida interoperabilidade, permitindo que a información recollida en SIUSSGAL polos servizos sociais comunitarios das corporacións locais poda transferirse de xeito automático á Administración do Estado a través da aplicación informática de titularidade estatal denominada Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS).

3.4 intervencións públicas



Presenza Publica

A visibilidade do Colexio é vital para poder transmitir as mensaxes importantes para o Traballo Social. Durante o ano 2025 activase debido a situación excepcional que vive a profesión.

As mensaxes do COTSG a través da prensa e das redes sociais foron habituais, pero tamén a presenza das figuras representativas da profesión a nivel galego foron constantes ao longo de todo o ano. Establecéronse alianzas con axentes políticos que permitiron levar a foros externos os nosos problemas e reivindicacións. Un dos espazos nos que se oíu a nosa voz foi no Parlamento de Galicia, e trasladouse a nosa mensaxe a foros de diverso tipo.





A representación do COTSG en foros e espazos de traballo e reflexión sobre distintas temáticas relacionadas coa profesión, como neste caso a participación no observatorio Galego de Violencia de Xénero, un espazo de encontro e coordinación entre institucións para avanzar na loita contra a violencia machista en Galicia.



Trasmisión directa á colexiación a través dos medios propios de posicionamentos importantes para o colectivo.

Presencia do COTSG nas actividades sociais de interese para a representación profesional.

4 Identidade, Participación, Orgullo.



Día Mundial do Traballo Social 2025

No calendario da profesión, o día máis relevante do ano é o Día Mundial do Traballo Social, que se celebra o terceiro martes do mes de marzo. No ano 2025 coincidiu co 18 de marzo, e en Galicia a celebración trasladouse ao venres 21 de marzo.

O lema elixido pola FITS foi “Fortalecemento da solidariedade interxeracional para un benestar duradeiro”. Os colexios profesionais españois quixeron poñer o foco nas relacións entre persoas de distintas xeracións e, no marco do acto conmemorativo do Día Mundial do Traballo Social, realizouse un recoñecemento á colexiada de maior antigüidade e á máis nova.

**XORNADA
DÍA MUNDIAL DO
TRABALLO SOCIAL**

**PRESENTACIÓN:
I INFORME DE TRABALLO SOCIAL EN GALICIA**

**FORTALECIMENTO
DA SOLIDARIEDADE
INTERXERACIONAL PARA
UN BENESTAR DURADEIRO**

**21 DE
MARZO**

HOTEL PEREGRINO-AVDA. ROSALÍA DE CASTRO, SANTIAGO DE COMPOSTELA
AFORO LIMITADO INSCRIPCIÓN OBRIGATORIA E GRATUITA EN WWW.TRABALLOSGAL

ORGANIZA: Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

COLABORAN: Universidade de Vigo, Indaga

16:30 - 17:00 BENVIDA

- **Miriam Rodríguez** - Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

17:00 h - 18:00h - Presentación: I INFORME DE TRABALLO SOCIAL EN GALICIA

- **Ana Vilar** - Vicepresidenta do COTSG e **Cristina Díaz** - Vogal do COTSG,

18:00h - 19:30 h - Mesa debate: Conclusións do estudo

- **Noelia Santamaría** (Coordinadora SAF)
- **Teresa E. Muñiz** (Traballadora Social de SS.SS. Comunitarios)
- **Luisa Andaluz** (Traballadora Social do SERGAS)
- **Nacho Crespo** (Traballador Social membro do Grupo do Novo Modelo de Servizos Sociais)
- **Héctor López** (Traballador Social do 3º sector)

Moderar: Francisco Aguilar (Traballador Social e Docente de Traballo Social en UVIGO)

19:30 h - 20:00 h - ENTREGA DE PREMIOS: Día Mundial do Traballo Social 2025

- Boas prácticas
- TFG /TFM
- Investigación
- Homenaxe as persoas colexiadas que cumpren 25 anos de colexiación

PECHE, PETISCOS E APERITIVOS

ORGANIZA: Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

COLABORAN: Universidade de Vigo, Indaga

O 21 de marzo, o COTSG celebrou o Día Mundial do Traballo Social cunha xornada organizada no Hotel O Peregrino de Santiago de Compostela. Durante o acto presentouse o I Informe dos Servizos Sociais e do Traballo Social en Galicia, elaborado en colaboración entre o Colexio, a cooperativa INDAGA e a Universidade de Vigo. A presentación foi seguida dunha mesa redonda na que se analizaron e debateron os principais resultados do estudo. Como cada ano, o Colexio convocou os Premios do Día Mundial do Traballo Social. Na categoría de boas prácticas, o galardón foi para Diana Rodríguez polo traballo Colexio Benquerer. Proxecto de educación afectivo-sexual para 5º e 6º de primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Na categoría de TFG/TFM, a premiada foi Alba Muñiz polo traballo Abordaxe social das condutas suicidas en persoas trans. Unha revisión bibliográfica narrativa.

A continuación, realizouse un recoñecemento ás persoas que completan 25 anos de colexiación, así como á colexiada de maior idade e á máis nova, Isabel Grandal e María Lema, respectivamente, quen recibiron esta simbólica homenaxe.





O **Día Mundial do Traballo Social** na Escola de Santiago contou coa colaboración de Antonio Doval, con unha charla sobre o Traballo Social en situación de emerxencias e grandes catástrofes.

Día Mundial do Traballo Social, o COTSG participa na **I Xeira da Escola de Traballo Social**, en Santiago de Compostela.



Premios do día do Traballo Social 2025

O ano 2025 convocáronse os premios do Día do Traballo Social, que recaeron nas seguintes persoas:

- Categoría Boas Prácticas, premiado o programa “Colexio Benquerer. Proxecto de educación afectivo sexual par 5º e 6º de primaria presentada por Diana Rodríguez Losada Colexiada 4677 .
- Categoría TFG/TFM premio para “Abordaxe social nas condutas suicidas nas persoas trans presentada por Alba Muñiz Sebares Colexiada 4456.
- O premio de Investigación quedou deserto.



As facultades de Traballo Social

O futuro da profesión constrúese nas facultades de Traballo Social, e o Colexio esta presente no seu ciclo anual. As facultades da UVigo e da USC teñen unha longa traxectoria de traballo conxunto coa organización colexial. Cos centros da UNED onde se imparte a titulación de Traballo Social consolídase a relación paulatinamente tendo en conta a estrutura e funcionamento desta entidade.

O acto de gradación é un importante momento para o profesorado e o alumnado cada ano, e neles compoñentes da Xunta de Goberno representan ao COTSG todos os anos.



Presentación do COTSC ao alumnado de Traballo Social

Como cada ano o persoal do Colexio acudiu ás facultades de Traballo Social para dar a coñecer a estrutura colexial entre as persoas que se están a formar. Ademais de explicar por que a nosa é unha profesión colexiada, e dos servizos directos e indirectos que se prestan dende o Colexio, ofrécese a posibilidade de que dean de alta como estudiantado precolexiado. Esta modalidade permite acceder a algúns dos servizos que presta o colexio de xeito gratuíto, a vez que se van introducindo na vida profesional. O ano 2024 precolexiáronse 13 alumnas e alumnos.



A axenda da profesión

Dende hai varios anos, o Colexio agasalla ás persoas colexiadas cunha axenda anual. No ano 2025 deseñouse, imprimiuse e distribuíuse a axenda correspondente a 2026.

Mediante un sistema previo de reservas, realizouse unha tiraxe de 1.500 exemplares, que foi distribuída entre a colexiación. Esta iniciativa tivo unha ampla aceptación e consolidouse como un elemento de identidade corporativa.



Fervenzas 28

Fervenzas, a revista galega de Traballo Social nos mais de 25 anos de historia ten gañada ser considerada referente de Traballo Social en Galicia. No ano 2025 publicouse o número 28, que tivo distribución de balde virtual e unha tirada de 100 números impresos.

A convocatoria para a recepción de artigos para o número 29 realizouse durante a última parte do ano.

A mesa de redacción para este número estivo composta por:

- Malena Puñal
- M^a Xosé Vázquez
- Francisco X. Aguiar
- Ana M^a Rodríguez
- Diana M. Escobar



SUMARIO

NÚMERO 28

LIMIAR	4
ARTIGOS	
Traballo Social Grupal e Comunitario con Persoas Inmigrantes e solicitantes de Protección internacional na cidade de Ourense	
Amha Vientes Vidal	7
Tecendo a resistencia: Mulleres saharauís e o seu rol na comunidade dende a perspectiva do Traballo Social	
Ana Ponte Suárez	33
Visión e coñecemento do alumnado de Traballo Social sobre a Mutación Xenital Feminina (MXF)	
Elisa Gómez Albiste	61
O maltrato animal como unha forma de violencia de xénero	
Zayra Gil Delgado	81
Violencia de xénero en mulleres maiores de 65 anos: Unha revisión sistemática dende o Traballo Social	
Lucía Conde Lado	
Yolanda García Vázquez	104
O valor engadido do Traballo Social nas Unidades de Coidados Paliativos: Unha mirada dende o Equipo Interdisciplinar da UCP da Área Sanitaria de Ferrol	
Emma Lamas Maceiras	
Susana Carreiras Rivas	124
A autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia: Unha perspectiva dende o Traballo Social	
Sara López Fernández	154

PREMIOS DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2025

Modalidade TFG-TFM

Abordaxe social nas condutas suicidas en persoas trans. Unha revisión bibliográfica narrativa	
Alba Muñiz Sevares	187
<u>Modalidade Boas Prácticas</u>	
Colexio do Benquerer. Proxecto de educación afectivo sexual para 5 ^a e 6 ^a de primaria	
Diana Rodríguez Losada	221
EN REDE	
Plataforma Ulloa Vía	240
Asociación Artramas	242
RECENSÍONS DE PUBLICACIÓNS	
O Consentimento de Vanesa Springora	
Jennifer Santín Vivero	245
FICHAS DE INVESTIGACIÓN	
Valores, dereitos humanos e práctica política en profesionais do Traballo Social en España	
Evelia Morais Alharez	248
O Traballo Social como posibilitador da vida independente. Asistencia persoal en España cunha mirada aos dereitos da infancia	
Breogán Riobó Lois	258
ESPAZO ABERTO	
<u>Aquí nunca pasa nada da Compañía Teatro sin Paneles</u>	
Jennifer Santín Vivero	261

Colaboración Social

O xenocidio perpetrado á vista de todo o mundo da poboación gazati a mans de Israel foi o conflito internacional que máis nos impactou este ano. A brutalidade foi superior incluso ao límite que nos ten afeitos e afeitas a actualidade. Os pronunciamentos sucedéronse ao longo do 2025.



Actos sociais e de representación

A participación na vida social e académica da representación do COTSG foi unha constante durante o ano 2025. A importancia da visibilidade é indiscutible na sociedade actual, e o Colexio esta representado en todos os eventos ou foros aos que é convidado.



Recoñecemento profesional

A colexiación do COTSG escolleu a profesional do Traballo Social merecente do recoñecemento á excelencia e compromiso profesional do ano 2025, que concede Unión Profesional de Galicia, a compañeira de Vigo Chus Varela. A súa experiencia profesional ao longo dunha vida dedicada ao Traballo Social, fíxoa merecedora desta distinción. Ao acto de entrega acudiu con un grupo de compañeiras que quixo participar do recoñecemento. E por suposto o COTSG, estivo representado pola Presidenta, Miriam Rodríguez.



Despedidas

Este ano faleceu a unha compañeira que significou moito na construción da nosa identidade corporativa: Artemia Dieguez. Esta despedida non é a única que sufrimos ao longo do 2025.

A nosa profesión caracterízase polas relacións humanas que se constrúen moitas veces a través das intervencións profesionais, e cando falta unha persoa, deixa a outras moitas afectadas. Unha mención para lembrar a todas e todos os que nos deixaron baleiros, pero tamén moitos recordos e compañía.





COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

A forza do colectivo

GRAZAS!



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

Proxectando o **Traballo Social** do **futuro** dende a
realidade do **presente**.